

RENOVACIÓN 2024 - 2025

PRAZO DO 1 de MARZO AO 1 de ABRIL DE 2024

PARA FACER A RENOVACIÓN (só poden facer a renovación os/as usuarios/as matriculados nos servizos durante o curso 2023/2024 e que se atopen de alta durante o prazo de renovación).

PASO 1. Xerar a solicitude a través de www.conciliames.gal.

Tamén se poderá realizar este trámite de xeito presencial no Departamento de Educación situado no Pazo da Peregrina en Bertamiráns ou na Oficina Municipal de Milladoiro, para o que deberán solicitar cita previa no teléfono 981.891.476

PASO 2. Liquidar as taxas de renovación da matrícula

Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia renovar (12,00 € por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a renovación.

PASO 3. Rexistrar a solicitude debidamente cuberta e asinada a través de calquera dos rexistros aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Presentar o documento de identidade vixente do titular da conta bancaria (só no caso de que non conste no departamento de educación).

¡¡IMPORTANTE!!

Para a súa validez e toma en consideración a solicitude debe rexistrarse.

Para considerar firmadas as solicitudes presentadas mediante rexistro telemático, é preciso que os arquivos xerados coas solicitudes conteñan as firmas dixitais (as firmas manuscritas non son válidas se non veñen acompañadas da sinatura dixital)

PASO 4. Comprobar as listaxes de admitidos e excluídos:

Provisionais: Publicación prevista na 2ª quincena de xuño do 2024, con prazo de emenda de 10 días hábiles en www.conciliames.gal e en www.concellodeames.gal

Definitivas: Publicación prevista na 2ª quincena de xullo do 2024 en www.conciliames.gal e en www.concellodeames.gal

NOTA: Por organización non se emitirán avisos de emenda por outro medio.

PARA SOLICITAR A BONIFICACIÓN DE TAXAS

Aquelas persoas que desexen solicitar a bonificación de taxas para o curso 2024-2025, terán que presentar a solicitude cando formalicen a renovación, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Podrá consultar a documentación necesaria na paxina www.conciliames.gal.

INFORMACIÓN:

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). Telf: 981.891.476 ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal

¡¡IMPORTANTE!!

OS USUARIOS QUE NON APAREZAN COMO ADMITIDOS NA LISTAXE DEFINITIVA DE RENOVACIÓN, PERDERÁN A PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO E POR TANTO, NO CASO DE SEGUIR INTERESADOS, DEBERÁN SOLICITAR UNHA NOVA PRESENTANDO UNHA SOLICITUDE DE PRESCRICIÓN E O IMPRESO DE BAREMACIÓN (PARA O SERVIZO NO QUE SEXA OBRIGATORIO)

NON RENOVAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO, E POR O TANTO TERASE QUE SOLICITAR DE NOVO A PRESCRICIÓN EN DITO SERVIZO.